Dryopteris affinis (Lowe) Fraser-Jenkins, 1979

- falso fento macho, dentebrura
- falso helecho macho, dentabrón
- iratze arra
- falguera mascle
- golden-scaled male fern, scaly male fern
- feto macho escamoso, falso feto macho



ESTADO DE CONSERVACIÓN

Sen avaliar

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Monilophyta	**Filicopsida**	**Polypodiales**	**Dryopteridaceae**	***Dryopteris***

ORIXE

Oeste e sur de Europa, suroeste de Asia e noroeste de África.

CARACTERÍSTICAS

Frondes grandes de ata 1,5 m, persistentes, de cor verde escura, bipinnadas e coriáceas, cun tacto máis duro ca outros fentos. O pecíolo e o raquis están densamente cubertos de escamas alongadas de cor castaño-avermellada a escura. As pínnulas son sésiles, de lados paralelos e co ápice finamente dentado.

HÁBITAT

Bosques húmidos e sombreados, ladeiras rochosas e noiros. Prefire solos frescos, húmidos pero non enchoupados, pobres e ácidos.

DISTRIBUCIÓN

Europa occidental e meridional, suroeste de Asia, a Macaronesia e noroeste de África.

CURIOSIDADES

Pode sobrevivir a temperaturas de ata 20 graos baixo cero, conxelándose e volvendo á vida sen danos na raíz ao desconxelárense.